

## LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN A

O home atopa sempre o xeito de converter a practicidade en superfluidade. As épocas máis avanzadas das civilizacións diferéncianse das que aínda se achán no lento e traballoso proceso de zumegar de si unha cultura, precisamente na súa capacidade para produciren, directamente, e sen case transitaren polo práctico e funcional, toda clase de ideas e obxectos innecesarios, e tamén na súa facilidade para converteren obxectos orixinariamente inútiles en cousas psicolxicamente indispensables –as gravatas, a metafísica, a velocidade, o contrapunto musical- e así mesmo en dárénlles uso ornamental e igualmente van a obxectos nados para fins terminantemente prácticos.

E aínda se podería engadir que o home civilizado é un ser que de tal xeito pon o seu acento existencial no uso –ou desexo- da maior suma de cousas superfluas, que chega a sentirse a si mesmo como unha superfluidade reflectida en sistemas filosóficos consistentes en preguntarse por que naceu, que fai neste mundo, e, de xeito moi teimudo, que farán del no outro cando xa, como tal home histórico, sexa a cousa máis superflua e inútil que poida pensarse. E cando logra cabalmente esa certeza dubitativa sobre si mesmo –e lógrao, máis ou menos, cada cincocentos anos-, sobreveñen os que na terminoloxía do ramo chaman os historiadores “períodos de decadencia”, que son aqueles en que o home comeza a ter conciencia de ser vítima das súas propias invencións superabundantes, mesmo as filosóficas. Chegado este caso, dedícase a esnaquizalo todo para comezar de novo. E así sucesivamente.

Todas estas altas especulacións –e moitas outras que poderían engadirse (...)– tráioas aquí a propósito do teléfono. ¿Haberá entre tódolos utensilios que nos subministrou a técnica, obxecto máis útil e precioso? ¿E haberá entre todos eles, outro do que se faga un uso máis superfluo?

Adaptado de E. Blanco Amor.1955.

### BLOQUE I

1. Señala a estrutura do texto. (1 PUNTO)
2. Fai un comentario sobre a utilidade e o uso que na actualidade se fai do teléfono móbil. (Mínimo 20 liñas) (2 PUNTOS)

### BLOQUE II

3. Indica polo menos dous sinónimos do significado que teñen no texto *esnaquizar* (l. 16), *teimudo* (l. 11), *atopar* (l. 1), *certeza* (l. 13), *lograr* (l. 12). (1 PUNTO)
4. Busca os adverbios do primeiro parágrafo (l. 1-7) e clasifícaos. (1 PUNTO)
5. Indica como é a vocal tónica de grao medio de *toda* (l. 4), *estas* (l. 18), *propósito* (l. 19), *teléfono* (l.19), *técnica*(l. 19), *certeza* (l. 13), *precioso* (l. 20), *eles* (l. 20), *superfluo*(l. 20), *home* (l. 1). (1 PUNTO)
6. O galego entre o 1900 e o 1936. Niveis de comunicación e uso nos distintos contextos. (Mínimo 15 liñas) (1 PUNTO)  
[Currículo 1994: As interferencias lingüísticas. (Mínimo 15 liñas) (1 PUNTO)]

### BLOQUE III

7. Tendencias da narrativa galega de posguerra. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 PUNTOS)

[Currículo 1994: A Nova Narrativa Galega: características, autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 PUNTOS)]

## LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN B

- 2        Aprende a escribir no servicio militar.  
      A raia da súa sinatura  
      Risca como unlla que suca o xeo
- 4        No parabrisas dun tractor.  
      Pono nervioso o teléfono,
- 6        Ese estraño que entra sen chamar á porta,  
      Con zapatos de cidade,
- 8        E que o can non cheira.  
      Falar fala moi pouco.
- 10       A vida comeulle as palabras  
      Ao tempo que agrandaba as mans.
- 12       Esas mans cavarón pozos e sostiveron tellados.  
      Nesas circunstancias cómpre ter a boca ben pechada.
- 14       Pero nin sequera así é capaz de ver matar o porco,  
      A única carne que lle gusta, mellor se está torrada.
- 16       O viño ten que ser barato,  
      E entón, cando o bebe en longos grolos,
- 18       Penso que lle axuda a tragar  
      Unha historia que xamais contará.
- 20       Cando mira o lume das achas na cheminea,  
      Vai nun tren que atravesa a neve.
- 22       Colleríao da man, porque é o meu pai,  
      Pero abráiano tanto as mostras de agarimo
- 24       como o aire dun lobo.

Manolo Rivas. 1996

### BLOQUE I

1. Ponlle un título que lle acaia ó poema e fai unha síntese del. (1 PUNTO)
2. Á vista do texto fai unha reflexión sobre a vellez e a situación dos vellos e vellas na sociedade actual. (Mínimo 20 liñas) (2 PUNTOS).

### BLOQUE II

3. Escribe o significado, sen empregares sinónimos, de *unlla* (l. 3), *grolo* (l. 17), *achas* (l. 20), *suca* (l. 3), *agarimo* (l. 23). (1 PUNTO)
4. Analiza sintacticamente a oración “*a raia da súa sinatura risca como unlla que suca o xeo*” (l. 2-3). (1 PUNTO)
5. Busca as formas verbais do poema e indica o seu tempo, modo e persoa. (1 PUNTO)
6. Bilingüísmo e diglosia. Definición, causas e consecuencias. (Mínimo 15 liñas) (1 PUNTO).  
[Currículo 1994: O conflito lingüístico. (Mínimo 15 liñas) (1 PUNTO)]

### BLOQUE III

7. Tendencias actuais da lírica, da narrativa, da dramática e da ensaística (Mínimo 20 liñas) (3 PUNTOS)  
[Currículo 1994: A poesía galega a partir de 1975: tendencias, autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 PUNTOS)]

## LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN A

2 Ti que voltas, que desandas o camiño do mar, que vas para o recanto onde naciches, vai ver  
4 a meus pais, que alá quedaron roendo broa e partindo cadullos. Vainos ver pero non lles digas que  
6 caín dun tranvía e ando coxo; nin que agatuño cada día sobre unha morea de cisco e paso dez horas  
8 por xornada remexendo e entrecollendo porcalladas que bota a cidade; nin que vivo nun chafarís de  
10 casqueiros sen luz e sen auga de tubaxe; nin que lavo a miña roupa; nin que se me acabaron festas e  
domingos. Non lles digas do esforzo que me custa reunir os pesos para o xiro mensual da 'axuda  
familiar', nin que era unha trola eso de facer-a-américa e de que os cans andaban amarrados con  
trenlas de longaiñas. Non lles digas dos meus apertos, inda que son os de moitos, deses moitos  
coma min que tamén calan e acochan os seus fracasos. Que pensen que isto é de ouro e que os  
emigrantes somos felices.

12 Ou... se ben o cavilo case é mellor que lles digas a verdade. Eu nada explico nas cartas, pero  
ti, como cousa túa... Que se decaten do que é dar ó zoco polo mundo adiante e mastigar o pan que  
amasou o demo. Ti que voltas, que vas alá, di o que queiras. O que che pete. Que o saiban todo.

Xosé Neira Vilas. 2003

### BLOQUE I

1. Ponlle título ó texto e fai unha síntese del. (1 PUNTO)
2. Á luz do dito na narración, fai un comentario sobre os éxitos e fracasos da emigración. (2 PUNTOS) (mínimo 20 liñas).

### BLOQUE II

3. Sen empregares sinónimos, indica o significado que teñen no texto *recanto* (l. 1), *agatuñar* (l. 3), *morea* (l. 3), *remexer* (l. 4), *xiro* (l. 6). (1 PUNTO)
4. Clasifica os *que* do derradeiro parágrafo (l. 11-13) segundo sexan pronomes ou conxuncións. (1 PUNTO)
5. *Naciches* (l. 1) é a segunda persoa do pretérito de *nacer*. Escribe a mesma forma e dos verbos *varrer*, *andar*, *rir*, *facer*, *andar*, *poder*, *cavilar*, *ter*, *dicir*, *remexer*. (1 PUNTO)
6. O galego entre o 1936 e o 1975. Niveis de comunicación e uso nos distintos contextos. (Mínimo 15 liñas) (1 PUNTO).  
[Currículo 1994: A lingua na actualidade (dende 1975). (Mínimo 15 liñas) (1 PUNTO).]

### BLOQUE III

7. Tendencias da narrativa galega de posguerra. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 PUNTOS)  
[Currículo 1994: A narrativa galega de posguerra: correntes narrativas, autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 PUNTOS)]

## LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN B

2 Aproveitando o bo día, e aproveitando que o meu compadre vai á Arousa, decido ir canda el  
e botar a fin de semana cos meus pais. No coche soa Paulina Rubio, repetidamente. Sorpréndome  
4 ante os gustos musicais dun ghicho que adora o *country* e o *blues*. Dime que a gravou para os seus  
fillos pero que, no fondo, non lle desagrada. É unha desas perversións musicais que todos temos e  
6 que nos custa ás veces confesar. Falábámolo onte Marta, a de Teis, e mais eu, neste caso sorprendida  
ela de que a min me gustasen Guns and Roses. Martiña, a mesma que nun dos momentos máis  
amolados que eu vivín me dixo: “Espabila, ghicha, non parece que vivises en Vigo”.

8 Pola noite, encerrados na cociña, os meus pais e mais eu falamos. Fóra comeza a zoar o  
vento. Mamá dime que teñen medo vivindo eles sós.

10 -De día non, de día vivimos coma reis, non precisamos de nada. É de noite, que non sabes  
quen che pode entrar na casa.

12 Ós meus pais, coma a outros matrimonios do rural, acontecelles que se criaron rodeados de  
xente, vivindo avós, pais e fillos na mesma casa e nunca pensaron que a súa vida había ser distinta e  
14 cústalles afacerse á soidade das noites na aldea. Creo que lles gustaría máis ternos ós fillos alí que  
ciscados por Galicia adiante, ternos onda eles para mirarmos pola súa vellez.

16 Comezo a soñar con asasinados en serie, non dos de rifle e tirofixo na fronte, senón dos de  
serra mecánica.

Anxos Sumai. 2003

### BLOQUE I

1. Sinala a estrutura do texto. (1 PUNTO)
2. Fai un comentario persoal sobre o afirmado no cuarto parágrafo (l. 11-15). (2 PUNTOS)  
(Mínimo 20 liñas).

### BLOQUE II

3. Busca as palabras do texto que pertencen ó campo semántico de familia e engade outras cinco.  
(1 PUNTO)
4. Analiza sintacticamente a oración *pola noite, encerrados na cociña, os meus pais e mais eu falamos*  
(l. 8). (1 PUNTO)
5. Define os fonemas que aparecen en *coche* (l. 2), *quen* (l. 11), *dixo* (l. 7). (1 PUNTO)
6. O conflito lingüístico. Definición, causas e consecuencias. (Mínimo 15 liñas). (1 PUNTO)  
[Currículo 1994: O conflito lingüístico. (Mínimo 15 liñas). (1 PUNTO)]

### BLOQUE III

7. O teatro galego do século XX. Tendencias, autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 PUNTOS)  
[Currículo 1994: O teatro galego do século XX. (Mínimo 20 liñas) (3 PUNTOS)]

## CONVOCATORIA DE XUÑO

## OPCIÓN A

**PREGUNTA 1. ESTRUCTURA DO TEXTO: 1 PUNTO.**

Con esta pregunta preténdese avalia-la comprensión do texto e a capacidade de visualizala súa estrutura.

**PREGUNTA 2. COMENTARIO CRÍTICO: 2 PUNTOS.**

Con esta cuestión quérese avalia-la capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teñan un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

**PREGUNTA 3: 1 PUNTO.**

Cada sinónimo errado ou que falte penalizarase con 0,1 puntos.

**PREGUNTA 4: 1 PUNTO.**

A puntuación total obterase coa identificación

dos doce adverbios existentes. A súa clasificación é a seguinte: *sempre (tempo), máis, case (cantidade), aínda (aspectual), así, precisamente, directamente, igualmente, orixinariamente, psicoloxicamente, terminantemente (modo), tamén (de inclusión)*. Por cada un non identificado ou mal clasificado descontarase 0,05 puntos.

**PREGUNTA 5: 1 PUNTO.**

Levan vocal tónica aberta *propósito, teléfono, técnica, superfluo e home*; as restantes téñena pechada. Dado que o exercicio é fácil e que cómpre evita-las indicacións feitas ó chou, propónse penalizar cada resposta errada ou non contestada con 0,2 puntos.

**PREGUNTA 6: 1 PUNTO.**

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento dos niveis de uso do galego no período citado. A pregunta non estará ben contestada se se centra só na explicación dos movementos reivindicativos do idioma. Nese caso, a valoración máxima será de 0,5 puntos.

[1994: deberá demostrarse que se coñece que son e por que se producen as interferencias].

**PREGUNTA 7: 3 PUNTOS.**

O alumnado deberá expresa-los seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntado, con mención ós autores e obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada. A valoración máxima desta pregunta é de 3 puntos.

---

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas. Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección, polo que se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos.

Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos. Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística- penalizarase con 0,1 puntos. Un erro leve -solución discordante co estándar vixente- penalizarase con 0,05 puntos.

Tendo en conta que as novas *Normas ortográficas* entraron en vigor co curso xa comezado consideraranse válidas tanto as solucións en vigor como as que eran normativas con anterioridade.

## OPCIÓN B

### PREGUNTA 1: 1 PUNTO.

Con esta pregunta preténdese valora-la comprensión do texto e a capacidade que ten o alumnado de sintetizalo, a través dun título que resuma o seu significado e dunha reescrita que o condense.

### PREGUNTA 2: 2 PUNTOS.

Con esta cuestión quérese avalia-la capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teñan un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

### PREGUNTA 3: 1 PUNTO.

Cada resposta acertada valorarase con 0,2 puntos.

### PREGUNTA 4: 1 PUNTO.

A oración non presenta dificultades de análise. “Como unlla que suca o xeo” é un CC de MODO, “como” é un nexos e “que suca o xeo” é unha oración de relativo que realiza a función de MODIFICADOR.

### PREGUNTA 5: 1 PUNTO.

Hai 36 formas verbais. Cada unha que falte ou estea mal definida penalizarase con 0,03 puntos.

### PREGUNTA 6: 1 PUNTO.

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento do significado dos temos bilingüismo e diglosia, de cales son as razóns que provocan a aparición destes comportamentos e cales as súas consecuencias, sempre con especial referencia á lingua galega.

[1994: deberáanse demostrar coñecementos sobre o de significado do termo conflito lingüístico e das implicacións que este pode ter nas linguas, especialmente na galega.]

### PREGUNTA 7: 3 PUNTOS.

O alumnado deberá expresa-los seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntado, con mención ós autores e obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada. A valoración máxima desta pregunta é de 3 puntos.

---

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas. Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección polo que se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos:

Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos. Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística- penalizarase con 0,1 puntos. Un erro leve -solución discordante co estándar vixente- penalizarase con 0,05 puntos.

Tendo en conta que as novas *Normas ortográficas* entraron en vigor co curso xa comezado consideraranse válidas tanto as solucións en vigor como as que eran normativas con anterioridade.

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

## OPCIÓN A

**PREGUNTA 1: 1 PUNTO.**

Con esta pregunta preténdese valorar a comprensión do texto e a capacidade que ten o alumnado de sintetizalo, a través dun título que resume o seu significado e dunha reescrita que o condense.

**PREGUNTA 2: 2 PUNTOS.**

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teñan un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

**PREGUNTA 3: 1 PUNTO.**

Cada resposta acertada valorarase con 0,2 puntos.

**PREGUNTA 4: 1 PUNTO.**

Se se identifican e clasifican ben os nove existentes daráselle 1 punto. Se non se identifican todos e hai que contar un a un daráselles 0,11 puntos por cada un acertado.

**PREGUNTA 5: 1 PUNTO.**

Cada solución colocada correctamente recibirá 0,1 puntos.

**PREGUNTA 6: 1 PUNTO.**

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento da situación do galego na época comentada, con referencia á situación política, ó uso oral e ó uso noutros ámbitos comunicativos.

**PREGUNTA 7: 3 PUNTOS.**

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntado, con mención ós autores e obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada. A valoración máxima desta pregunta é de 3 puntos.

---

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas. Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección polo que se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos:

Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos. Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística- penalizarase con 0,1 puntos. Un erro leve -solución discordante co estándar vixente- penalizarase con 0,05 puntos.

Tendo en conta que as novas *Normas ortográficas* entraron en vigor co curso xa comezado consideraranse válidas tanto as solucións en vigor como as que eran normativas con anterioridade.

**OPCIÓN B****PREGUNTA 1. ESTRUCTURA DO TEXTO: 1 PUNTO.**

Con esta pregunta preténdese avalia-la comprensión do texto e a capacidade de visualiza-la súa estrutura.

**PREGUNTA 2. COMENTARIO CRÍTICO: 2 PUNTOS.**

Con esta cuestión quérese avalia-la capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teñan un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

**PREGUNTA 3: 1 PUNTO.**

As palabras que aparecen no texto son *compadre, pais, fillos, mamá, avós*. Por elas recibirán 0,5 puntos. Por cada unha das outras cinco correctas concederase 0,1 puntos.

**PREGUNTA 4: 1 PUNTO.**

As funcións son CCTempo, Complemento Predicativo, Suxeito e Núcleo do predicado (ou verbo). Por este recoñecemento recibirán 1 punto. Cada función mal identificada descontará 0,25 puntos.

**PREGUNTA 5: 1 PUNTO.**

Os fonemas son *oclusiva velar xorda, vocal velar media aberta, africada palatal xorda, vocal palatal media pechada, oclusiva velar xorda, vocal palatal media aberta, nasal velar sonora, oclusiva dental sonora, vocal palatal media pechada, fricativa palatal xorda, vocal velar media pechada*.

**PREGUNTA 6: 1 PUNTO.**

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento do concepto de conflito lingüístico, das súas causas e consecuencias.

**PREGUNTA 7: 3 PUNTOS.**

O alumnado deberá expresa-los seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntado, con mención ós autores e obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada. A valoración máxima desta pregunta é de 3 puntos.

---

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas. Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección, polo que se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos.

Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos. Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística- penalizarase con 0,1 puntos. Un erro leve -solución discordante co estándar vixente- penalizarase con 0,05 puntos.

Tendo en conta que as novas *Normas ortográficas* entraron en vigor co curso xa comezado consideraranse válidas tanto as solucións en vigor como as que eran normativas con anterioridade.